



O HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO ACOLLE A 8ª EDICIÓN DUN CURSO ESPECIALIZADO SOBRE OS EFECTOS, PREVENCIÓN E TRATAMENTO DO VIRUS DO PAPILOMA HUMANO

- *Organizado polo Grupo de Estudio de Cáncer Anogenital y Orofaríngeo (GECAO) do CHUVI, trátase dun curso de excelencia para un grupo limitado de alumnos e alumnas de todo o Estado*
- *Esta formación, realizada desde hai oito anos, ofrece resultados positivos na prevención, detección precoz e tratamento de enfermidades provocadas polo VPH*

Vigo, 29 de maio de 2024. O Grupo de *Estudio de Cáncer Anogenital y Orofaríngeo* (GECAO) do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo organizou un novo curso de formación en excelencia sobre O *papilomavirus humano a nivel xenital, anal e orofarínxe*, co que se trata de formar a grupos reducidos de especialistas médicos e de enfermaría nas principais consideracións prácticas no diagnóstico, prevención e tratamento das displasias (presenza de células anormais nun tecido ou órgano).



Estas xornadas, que se desenvolveron entre os días 22 e 24 de maio, estiveron organizadas nun curso teórico-práctico, nos que os participantes aplicaron os coñecementos transmitidos nas diferentes aulas teóricas a casos prácticos.

A parte teórica foi impartida por profesionais especialistas en Cirurxía Anoscopia, Medicina Interna-VIH, Xinecoloxía, Anatomía Patolóxica, Microbioloxía, Medicina Preventiva, Enfermaría, Otorrinolaringoloxía e Uroloxía, desenvolvendo temas relacionados co Virus do Papiloma Humano (VPH), o seu ciclo e patoxenia, a súa relación en tumores de cabeza e colo uterino e co cancro xenital masculino. Así



mesmo, afondaron nos cribados de cancro anal e os de cancro cérvico-vaxinal, ademais de lesións anais e no tracto xenital inferior causadas por VPH.

Esta foi a segunda convocatoria no que vai de ano que se organiza este curso, de prazas moi limitadas (no actual participaron 5 persoas, todas alumnas), e nel asistiron persoal facultativo e de enfermaría da Área Sanitaria de Vigo e de diferentes hospitais do Estado, xa que, este curso, que leva xa oito anos realizándose, ten un recoñecemento nacional moi importante, considerándose unha formación de excelencia no terreo do Papiloma Humano e no das displasias.

Formación con resultados

Tal e como recordou un dos seus organizadores, o doutor Antonio Ocampo, médico do Servizo de Medicina Interna do Chuvi e investigador *senior* do Grupo Investigación en Enfermidades Infecciosas do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur, "Comezamos hai oito anos con moita ilusión e sen practicamente apoio e, agora, trátase dun dos cursos máis recoñecidos na actualidade a nivel estatal, ao tratar este tema dun xeito multidisciplinar e poñer o acento no trato personalizado á e ao paciente. Somos pioneiros no relativo ás displasias, tanto anais como cervicais -puntualiza Ocampo-, cuns resultados altamente satisfactorios ao poder afirmar que grazas á formación como esta contribuímos á redución da incidencia de cancros de cérvix e anal, por exemplo".

Así, segundo os datos que ofreceron os organizadores deste curso, nos últimos 14 anos a incidencia na Área Sanitaria de Vigo pasou de 40 a 50 casos por cada 100.000 habitantes a tan só entre 7 e 8 por cada 100.000 habitantes; un descenso que no caso de cancro anal é hoxe moi baixa, da orde de unha persoa por cada 100.000 habitantes; aínda que estes datos continúan altos entre poboacións que manteñen relacións sexuais de risco, no que este número chega aos 160 casos por cada 100.000 persoas.

Causas do éxito

Tal e como referiu o doutor Ocampo, "Estas cifras aparecen pola conxunción de varios factores que tratamos polo miúdo neste curso. Por un lado, o éxito indubidable das vacinacións, algo do que facemos moito fincapé neste curso. Por outro, os labores de cribado, que axudan á detección precoz destas patoloxías e, finalmente, a existencia dun equipo multidisciplinar no tratamento e a atención á e ao paciente".

Neste sentido, o doutor Antonio Ocampo destacou a importancia da creación dun equipo multidisciplinar, como o que conta o GECAO do Chuvi, no que se integran persoal médico e de enfermaría dos servizos de Xinecoloxía, Medicina Interna, Cirurxía Anascopea, Microbioloxía, Anatomía Patolóxica, Uroloxía e Otorrinolaringoloxía.

"Pero, así mesmo, outro dos piares nos que se apoia este labor é -segundo Antonio Ocampo- a figura da enfermeira xestora: persoal de enfermaría que se dedica ao apoio e seguimento da e do paciente, desde a detección da enfermidade, ata o acompañamento ao longo do proceso, así como a xestión coas diferentes consultas,



programación de visitas, etcétera. Ademais, as dúas profesionais que traballan con nós, son especialistas en pacientes con VIH e enfermidades de transmisión sexual (ETS)“.

Na Área Sanitaria de Vigo realizáronse nos últimos 10 anos unhas 5.000 anoscopias de alta resolución. Na actualidade, 1.206 pacientes participan no programa de cribado de cancro anal.